

ELIZABETH GASKELL

A curmá Phillis

Traducido por María Reimóndez



Hugin e Munin

PRIMEIRA PARTE

Deixar a casa familiar para ir vivir por conta propia é un momento importante para calquera rillote. Coi-do que nunca sentín tal satisfacción e orgullo na vida coma cando, con dezasete anos, sentei naquel cuartiño triangular que estaba enriba dunha confeitaría da vila de Eltham. O meu pai deixárame aquela tarde, tras botar unhas ladaíñas manidas, mais expresadas con vigor, para guiarme polo novo vieiro da vida que agora eu comezaba. Empezaría a traballar de axudante do enxeñeiro responsable de ampliar a pequena liña de tren que unía Eltham con Hornby. Foi o meu pai quen fixera por conseguirme ese posto, ben por enriba do seu nivel de vida, ou, se cadra, debería dicir ben por enriba do estamento social no que nacera e me criara, dado que por méritos propios ascendera ano a ano na consideración e respecto da xente. Era mecánico de profesión, mais tiña certo enxeño para os inventos e un carro de perseveranza, grazas ao cal deseñara algunhas melloras moi valiosas na maquinaria ferroviaria. Aínda así, non o facía por obter rédito, como sería lóxico, senón que

simplemente aceptaba o que lle ía acontecendo de xeito natural, dado que, segundo el, se se lle ocorrían as cousas era porque «até que non as puña en marcha non o deixaban vivir nin de día nin de noite». Mais abonda xa co conto do meu benquerido pai, bo é o país que ten moitos homes coma el. Era un membro férreo da Igrexa Independente¹ por ascendencia e convicción e iso foi o que, coido, o levou a buscarme un cuarto enriba daquela confeitaría. O local rexentábase as dúas irmás do noso ministro e considerábase así unha salvagarda á miña moral nese momento no que se me deixaba ceibo ás tentacións da vila cun salario de trinta libras ao ano.

O meu pai perdera dous valiosos días de traballo, puxera a roupa de domingo para traerme até Eltham e acompañárame primeiro á oficina para presentarme o meu novo xefe (que lle debía algún favor ao meu proxenitor por algunha suxestión) e levárame logo a facerlle unha visita ao ministro independente da pequena congregación de Eltham. Despois disto, marchou e, se ben me deu mágoa despedirme del, empecei a experimentar con degoiro o pracer de ser dono do meu destino. Desempaquetei o fardelo que me dera a miña mai e ulín os botes de conservas con todo o gozo de quen sabe que pode atacar o seu contido cando lle praza. Toquei e examinei o meu xamón curado da casa, que parecía prometerme interminables enchentes e, sobre todo, alá estaba a anticipación fina de saber que podería fincarlles o dente a aquelas delicias cando me petase, cando só a miña

¹A Igrexa Independente era un dos chamados «disidentes ingleses», grupos protestantes que se formaron á marxe da Igrexa de Inglaterra nos séculos XVII e XVIII. Esta Igrexa destacaba por defender o control dos asuntos relixiosos por parte das congregacións locais, sen unha estrutura superior que as rexese.

